

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade financeira CAIXABANK S.A. para o pagamento da comisión de apertura dos préstamos concedidos para o adianto das axudas da Política Agrícola Común (PAC), relativas á Orde do 21 de xaneiro de 2022 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Reunidos:

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural (en diante, a Consellería), e no seu nome e representación, D. Jose González Vázquez, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e de conformidade co artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, a entidade financeira CAIXABANK S.A. e no seu nome e representación Dña. Marta Albela Varela, en calidade de Directora Comercial Red Galicia e en virtude dos poderes exhibidos neste acto.

Os comparecentes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e para ese efecto,

Expoñen:

Primeiro. – Á Consellería do Medio Rural correspóndelle propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido non Estatuto de Autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Entre outras funcións establecidas no artigo 17 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, correspóndelle a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, e executar, entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, así como a formación, promoción e fomento do asociacionismo



agrogandeiro. No mesmo sentido, tamén lle corresponde a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias, a ordenación do sector agroindustrial e o fomento da súa actividade de transformación.

Por outra banda, o Fondo Galego de Garantía Agraria, organismo autónomo de carácter comercial e financeiro adscrito á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, de acordo co establecido na Lei 7/1994, do 29 de decembro, da súa creación, ten como unha das súas finalidades primordiais a de executar as accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Política Agrícola Común (PAC), sendo autorizado polo conselleiro do Medio Rural, mediante a Orde do 4 de outubro de 2007, consonte o disposto non artigo 1 e número 2º do artigo 4 do Decreto 155/2006, do 7 de setembro, como o organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo FEAGA e polo FEADER, de conformidade co previsto no Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, e as súas disposicións de aplicación.

Segundo. - É prioritario para a Consellería do Medio Rural facer posible que os beneficiarios das axudas correspondentes á Política Agrícola Común poidan dispoñer canto antes do importe correspondente a ditas axudas, tendo en conta en especial a evolución á alza dos prezos das materias primas experimentada nos últimos meses, e agravada posteriormente pola invasión rusa de Ucraína, o que implica a necesidade de dotar de liquidez aos sectores económicos máis afectados, entre os que se atopa o sector primario.

Terceiro. - As entidades financeiras teñen entre o seu obxecto a instrumentalización de liñas de financiamento que cumpran as condicións tanto xerais como particulares entre as que se atopan as establecidas neste Convenio coa finalidade de facilitar o acceso ao crédito de agricultores, gandeiros e empresas do sector agrario.

Por iso, dadas as competencias de cada unha das partes comparecentes, ambas as partes de común acordo, consideran conveniente subscribir o presente Convenio con suxeición ás seguintes:



Cláusulas:

Primeira. - Obxecto do convenio

O obxecto do presente Convenio é establecer a forma e condicións nas que se desenvolverá a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade financeira CAIXABANK S.A. para o pagamento das comisións de apertura dos préstamos concedidos para o adianto das axudas da Política Agrícola Común (PAC), relativas á Orde do 21 de xaneiro de 2022 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, de forma que as persoas beneficiarias desas axudas poidan gozar de préstamos, con condicións beneficiosas, que lles permitan dispoñer do importe que percibirán da PAC, ata a data en que se faga efectivo o seu pago. Para a concesión das axudas para o pagamento das indicadas comisións de apertura, a Consellería do Medio Rural publicará unha convocatoria de axudas, que desenvolverá o procedemento para a súa tramitación e o seu outorgamento.

Segunda. – Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias dos préstamos amparados neste Convenio aquelas persoas agricultoras e gandeiras solicitantes das axudas directas correspondentes á Política Agrícola Común (PAC), que cumpran os requisitos establecidos pola *"Orde do 21 de xaneiro de 2022 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control"*, e que subscriban ou teñan subscrito préstamos persoais coa entidade financeira asinante deste convenio, cunha contía máxima do 100% do importe previsto da axuda da PAC.

A axuda para o pagamento da comisión de apertura do préstamo quedará condicionada á obtención da correspondente resolución de concesión, ditada con base á convocatoria de axudas, que desenvolverá o procedemento para a súa tramitación e o seu outorgamento.

Terceira. - Obrigas das partes.

1.- Da entidade financeira

a) Establecer e formalizar unha liña de préstamos a interese 0%, coas condicións establecidas na Cláusula Cuarta deste convenio, e cuxa aprobación quedará supeditada á aprobación dos mesmos por parte do departamento de riscos da Entidade financeira asinante.



b) Notificar á Consellería do Medio Rural a información completa relativa aos préstamos formalizados acollidos a este convenio, co fin de que a Consellería poida comprobar os datos correspondentes ás operacións financeiras, previamente a realizar os pagamentos das axudas ás persoas beneficiarias. A data límite para a dita notificación será o 15 de setembro de 2022. Dita notificación deberá conter, a lo menos, a seguinte información

- Titular/es do préstamo
- NIF do/s titular/es.
- Data de formalización do préstamo.
- Importe total do préstamo formalizado.
- Importe da comisión de apertura máis outros gastos financeiros no caso dos préstamos xa asinados previamente á sinatura do convenio.
- Cálculo do 2% do préstamo formalizado ou dos gastos financeiros no caso dos préstamos xa asinados previamente á sinatura do convenio.
- Conta da solicitude da PAC 2022 onde se pagarán as axudas para o pagamento da comisión inicial de apertura nos préstamos para o adianto da PAC 2022.

c) Para o caso daqueles préstamos dirixidos ao financiamento do anticipo da PAC xa asinados previamente á sinatura deste convenio, a entidade financeira remitirá á Consellería do Medio Rural a previsión de gastos financeiros devengados no ano 2022 desde a sinatura do préstamo ata o 15 de setembro de 2022, contía que se tomará como límite máximo da axuda que se poderá conceder á persoa beneficiaria. En todo caso, esta axuda estará limitada a un máximo do 2% do importe do préstamo.

d) Notificar á Consellería do Medio Rural calquera modificación das condicións dos préstamos que afecten aos datos comunicados con base aos anteriores apartados b) e c), no prazo máximo de 15 días desde que se teñan producido as ditas modificacións.

2.- Da Consellería do Medio Rural

a) Poñer ao dispor da Entidade Financeira que o soliciten, previa autorización dos solicitantes de préstamos, información do importe potencial das axudas directas á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control correspondentes á Política Agrícola Común (PAC) campaña 2022.

b) Aboar ás persoas beneficiarias das axudas concedidas con base á convocatoria de axudas que se publicará para o pagamento da comisión inicial de apertura destinadas ás persoas beneficiarias dos préstamos de adianto das axudas da PAC no ano 2022, a axuda correspondente á comisión de apertura do dito préstamo, cun máximo do 2% do importe do préstamo, na conta asociada ao dito préstamo.



c) Non tramitar modificacións de conta de abono das axudas PAC 2022 nos casos en que os beneficiarios sexan titulares de préstamos vixentes ao amparo deste convenio.

As bases reguladoras da convocatoria de axudas indicada anteriormente estableceranse polo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), que desenvolverá o procedemento para o outorgamento das mesmas.

Cuarta. - Condicións dos préstamos

As condicións da liña de financiamento instrumentada en desenvolvemento deste Convenio son as seguintes:

1.- Finalidade: Mellorar a liquidez do sector agrario, mediante a formalización de préstamos que permitan o adianto dos importes das axudas directas a percibir correspondentes á Política Agrícola Común (PAC) do exercicio 2022, das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

2.- Beneficiarios: Agricultores e gandeiros de Galicia con dereito a percibir axudas directas no marco da Política Agrícola Común (PAC), solicitantes da "Solicitud Única PAC-DR 2022 / Réxime Pequenos Agricultores" que cumpran cos requisitos da *"Orde do 21 de xaneiro de 2022 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control."*

3.- Importe total do préstamo: A entidade financeira participará nesta liña de préstamos cun importe máximo que poderá ascender ata o 100% das axudas directas pagadas na campaña anterior, máis axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control. Cada entidade fixará o importe máximo a anticipar de ditas axudas, en función do seu criterio de risco sen superar en ningún caso o 100%.

4.- Duración do préstamo: A vixencia deste tipo de préstamos, con Finalidade "Adianto de Subvención ou Axudas PAC" poderá estenderse, como máximo, ata o 31 de xullo de 2023.

5.- Tipo de xuro: 0%.

6.- Comisións: unicamente comisión de apertura, do 2% do importe total de préstamo.

7.- Titular do préstamo: O asinante do préstamo deberá ser solicitante de axudas da PAC, establecidas na "Orde do 21 de xaneiro de 2022 pola que se regula a aplicación



dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control”.

8.- Prazo de solicitude do préstamo: A solicitude do préstamo deberá presentarse ante a entidade financeira unha vez solicitada a axuda PAC e ata o 30 de xuño do 2022.

9.- Prazo límite de formalización do préstamo: O préstamo deberá formalizarse ante a entidade financeira ata o 31 de xullo do 2022.

10.- Poderán ser causas de cancelación:

- A falsidade na declaración, nos datos ou na información presentados polo beneficiario, así como pola falta de documentación ou que estea incompleta segundo o requirido na orde de axudas

- O incumprimento dos criterios de concesión establecidos pola Entidade Bancaria, sempre que resulten imputables ao beneficiario da axuda e do préstamo; e en particular o incumprimento da obriga de domiciliación das Axudas anticipadas, na conta da entidade financeira vinculada ao préstamo.

- A formalización do préstamo con outra entidade financeira.

Nestes casos a subsidiación da axuda non será financiada pola Consellería do Medio Rural, sendo a cargo do beneficiario do préstamo o seu pago.

Será, en todo caso, causa de cancelación a cobranza da Axuda obxecto do anticipo, o cal suporá a cancelación inmediata, mediante o abono da citada Axuda na conta vinculada ao préstamo e de domiciliación da Axuda. En caso de perda do dereito ao cobro, ou reintegro total ou parcial da axuda PAC, o beneficiario do préstamo deberá cancelar o préstamo mediante abono á Entidade Financeira da totalidade do seu importe.

11.- Prohibición de supeditar a obtención do préstamo á contratación doutros produtos:

A entidade financeira non pode supeditar a entrega do préstamo á aceptación doutros produtos financeiros polos beneficiarios, tales como a contratación de seguros e demais produtos financeiros, sen prexuízo de que poidan mellorar as condicións do préstamo establecidas neste convenio coa contratación de seguros agrarios coa entidade financeira en cuestión.

12.- Préstamos xa asinados no momento de sinatura deste convenio: Para o caso daqueles préstamos dirixidos ao financiamento do anticipo da PAC xa asinados previamente á sinatura deste convenio, a entidade financeira notificará á Consellería do Medio Rural, con data límite do 15 de setembro de 2022, os gastos financeiros



devengados ata esa data, contía que constituirá a axuda máxima que se poderá aboar á persoa beneficiaria, sempre que non exceda do 2% do importe total do préstamo.

Quinta.- Condicións operativas nas concesións e formalizacións de préstamos

- 1.- Solicitude dos préstamos: A solicitude de préstamo realizaraa o interesado segundo o modelo do Anexo deste convenio na Entidade Financeira ata o 30 de xuño do 2022, e sempre a partir da data da súa solicitude da axuda PAC.
- 2.- Procedemento de concesión, control e pago: Será o establecido na correspondente orde de axudas. Sen prexuízo do indicado no punto 9 da cláusula cuarta, o prazo máximo para a formalización de préstamos será de 15 días hábiles a partir da data de solicitude do préstamo e unha vez que a entidade financeira dispoña de toda a información e documentación requirida ao solicitante, ou no seu caso, á Consellería de Medio Rural.
- 3.- Resolución do préstamo : Nos casos de resolución do contrato de préstamo, a entidade financeira comprométese a notificar ao FOGGA a resolución do contrato de préstamo, a súa causa e, de ser o caso, a rehabilitación do préstamo, no prazo máximo dun mes a partir da data de resolución ou, de ser o caso, da rehabilitación.
- 4.- Amortización do préstamo por cobranza das axudas anticipadas: O préstamo será amortizado total ou parcialmente, no momento da cobranza da Axuda anticipada e sempre que cubra os importes adiantados, o cal suporá a amortización inmediata do préstamo por parte do beneficiario.
- 5.- Perda de dereito da axuda PAC: En caso de perda do dereito ao cobro, ou reintegro total da axuda PAC, o beneficiario do Préstamo deberá cancelar o préstamo mediante abono á Entidade Financeira da totalidade do seu importe. Neste caso, a axuda non será financiada pola Consellería do Medio Rural, sendo a cargo do beneficiario do préstamo o seu pago.

Sexta. - Órgano xestor da Consellería do Medio Rural.

Na instrumentación destes préstamos actuará en representación da Consellería, o FOGGA.

Sétima. - Prazo de vixencia do convenio

O presente Convenio produce efecto desde a data da súa sinatura , e estenderá a súa vixencia ata o 31 de julio de 2023.



Oitava. - Modificación, extinción e resolución do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Por denuncia de calquera das partes comunicada por escrito á outra parte no prazo establecido no Convenio.
- Por incumprimento ou irregularidades graves na execución do Convenio, por calquera das partes, apreciadas pola Comisión de Seguimento.

Novena - Comisión de Seguimento

Crearase a partir da sinatura do presente Convenio, unha Comisión paritaria de seguimento, presidida polo titular do FOGGA, e composta ademais por dous representantes da Administración Autonómica, funcionarios da Consellería do Medio Rural, e dous representantes por parte da entidade financeira, para o seguimento da execución do contido deste Convenio, así como para liquidar as dúbidas e controversias que da aplicación do mesmo puidesen derivarse.

A devandita Comisión reunirase a proposta de cada unha das partes, rexéndose na súa organización e funcionamento polas normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na sección terceira do capítulo I da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décima. - Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerase polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro), no



Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

Undécima.- Xurisdición

O presente Convenio, ten carácter administrativo, polo que calquera cuestión litixiosa que puidese xurdir entre as partes en canto á súa interpretación e cumprimento, poderá substanciar ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdición.

Duodécima. - Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Décimo terceira.- Confidencialidade e protección de datos de carácter persoal

1.- Información Confidencial

As partes conveñen en atribuír o carácter de confidencial a canta información, datos e documentación que a entidade financeira proporcione a Consellería no desenvolvemento e execución do Convenio (en diante, a "Información Confidencial").

En consecuencia, a Consellería comprométese a tratar a Información Confidencial integramente como reservada e protexida, a utilizala exclusivamente dentro da finalidade e para o cumprimento do presente Convenio, e a non divulgala, reproducila, nin poñela ao dispor de terceiros sen o consentimento previo e por escrito da entidade financeira.



Os deberes de secreto e non difusión subsistirán mesmo despois de finalizado este Convenio.

Todo o anterior sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de transparencia no ámbito do sector público, e demais obrigas de información ás que imperativamente se atopen suxeitas calquera das partes; non obstante, respecto de calquera comunicación pública que puidese afectar á Información Confidencial que a Consellería debese realizar por esixencia dunha norma imperativa, informarase con carácter previo á entidade financeira, de non existir obstáculo legal en tal sentido.

2.- Tratamento de datos de carácter persoal

O tratamento de datos de carácter persoal realizado ao amparo do presente Convenio, rexerase polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, o "RGPD"), pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, a "LOPD"), así como cantas outras normas legais ou regulamentarias incidan en, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.



Para o cumprimento e desenvolvemento do presente Convenio, as partes intercambiarán datos de carácter persoal dos beneficiarios das formas que nel se establecen. No desenvolvemento destas comunicacións de datos, ambas as partes revestirán a figura de responsables do tratamento, séndoo para cada unha das súas respectivas finalidades e funcións, como ente público e como entidade financeira, respectivamente. Nestes casos, cada unha das partes -na súa condición de responsable do tratamento-, con carácter previo a realizar a comunicación dos datos á outra parte cando corresponda, deberá garantir a procedencia lícita dos datos cedidos, responsabilizándose de obter os mesmos conforme o establecido na normativa vixente de protección de datos, dispor dunha base de lexitimación para a comunicación dos datos de acordo co establecido no artigo 6 do RGPD, así como cumprir coas obrigas de información ós beneficiarios de conformidade co establecido nos artigos 13 e 14 do RGPD.

3.- Datos dos representantes das persoas xurídicas comparecentes

Cada parte informa á outra de que os datos persoais dos representantes, empregados ou outras persoas físicas que actúen en nome ou por conta da outra parte e que lle sexan facilitados por tal parte (isto é, datos de contacto profesional, cargo desempeñado na entidade/empresa e, no seu caso, poderes para actuar no seu nome e representación - os "Datos de Contacto"), serán tratados coa finalidade de xestionar o presente Convenio; así como, no seu caso, para cumprir coas obrigas



normativas impostas ás partes, durante a vixencia do mesmo. Unha vez finalizada a vixencia, os datos serán conservados (tal como indica a normativa), aos únicos efectos de cumprir as obrigas legais requiridas e para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións, durante o prazo de prescrición das accións derivadas do presente Convenio.

O titular dos datos pode exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, de acordo coa normativa de aplicación:

Respecto á entidade financeira: www.caixabank.com/ejerciciodederechos.

Respecto a Consellería: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, dirixir aquelas reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Finalmente, os datos de contacto do Delegado de Protección de Datos son:

Respecto á entidade financeira: www.caixabank.com/delegadoprotecciondedatos

Respecto a Consellería: <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>

E para que conste e en proba de conformidade, subscríbese o presente documento por 1 exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezado.

Pola Consellería do Medio Rural
O conselleiro

Pola entidade financeira

José González Vázquez

Marta Albela Varela



ANEXO
MODELO DE SOLICITUDE DE PRÉSTAMO SUBSIDIADO PARA O ADIANTO DAS AXUDAS
DIRECTAS DA PAC

D _____, con NIF _____ en
calidade de _____ de _____ con
CIF/NIF _____

SOLICITO un préstamo subsidiado asociado ao adianto da axuda PAC 2022, vinculado á conta con IBAN _____ da entidade financeira _____ polo importe máximo de ata un 100 % dos importes das axudas directas, pagadas na campaña anterior, máis as axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control e nas condicións convidadas entre a Consellería do Medio Rural e dita entidade financeira.

Acompáñase a esta solicitude unha copia da solicitude única correspondente ao ano 2022, que declaro que non foi modificada en ningún dos seus termos, en especial no que se refire ao número de conta bancaria para efectuar a cobranza da axuda, comprometéndome a non solicitar cambios de domiciliación durante a vixencia do préstamo.

Para o cálculo do importe total do préstamo, AUTORIZO á Consellería do Medio Rural e á entidade financeira antes citada, a facilitarse os datos previstos no Convenio subscrito.

O préstamo solicítase en virtude do convenio de colaboración subscrito entre a entidade financeira **CAIXABANK S.A.** e a Consellería do Medio Rural (en diante, "a Consellería") para a implementación dunha liña de préstamos a favor dos agricultores e gandeiros que se benefician da axuda correspondente á Política Agrícola Común (PAC).

A tal fin, declaro estar informado de que a entidade financeira **CAIXABANK S.A.** poderá comunicar á Consellería información relativa ao estado de tramitación da solicitude e ao resultado da mesma co fin de que a Consellería proceda a estudar e tramitar a solicitude á que se refire o presente documento

Respecto da entidade financeira, o asinante poderá exercer os dereitos en materia de protección de datos de acordo coa normativa vixente, mediante comunicación escrita, indicando a referencia "Protección de Datos" e o concreto dereito que desexa exercer, dirixida a _____. Asemade, infórmase ao asinante de que ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos en caso de considerar vulnerados os seus dereitos.

En _____, a ____ de _____ de _____.

Sinatura